

**ESTATUTOS MODIFICADOS**

**ASOCIACIÓN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO  
(GALP)**

**“A MARIÑA-ORTEGAL”**

## **CAPÍTULO I**

### **Denominación e réxime xeral**

#### **Artigo 1. Da Asociación**

1. O Grupo de Acción Costeira "A Mariña-Ortegal" modifica a súa denominación, pasando a denominarse Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro "A Mariña-Ortegal" (en diante GALP); trátase dunha asociación para o cumprimento dos fins descritos no Capítulo II do Título III do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello do 17 de decembro de 2013, así como na Sección 2 do Capítulo III do Título V do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

2. O GALP é unha entidade sen ánimo de lucro, que se rexerá pola seguinte normativa:

- a) Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro.
- b) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, en canto á súa condición de entidade colaboradora, sen prexuízo do resto de normativa aplicable.
- c) Os presentes Estatutos.
- d) Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

#### **Artigo 2. Da capacidade xurídica**

O GALP, unha vez inscrito no rexistro correspondente, disporá de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

## **CAPITULO II**

### **Domicilio social e ámbito de actuación**

#### **Artigo 3. Do domicilio social**

1. O GALP fixa o seu domicilio social na Rúa Praia, nº 1-2º Celeiro 27863 Viveiro (Lugo).
2. Poderanse establecer delegacións noutras localidades pertencentes ao ámbito de actuación do GALP, mediante acordo da Xunta Directiva.

De establecerse delegacións, darase conta destes acordos aos membros da Asemblea Xeral, así como no Rexistro de Asociacións competente.

#### **Artigo 4. Do ámbito territorial e da súa duración**

1. O GALP terá como ámbito de actuación o correspondente á zona costeira A Mariña-Ortegal, que abarca os seguintes concellos: Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira e Valdoviño.
2. A duración será indefinida, e subsistirá mentres perdure a necesidade de cumprimento dos seus fins.

## **CAPITULO III**

### **Obxecto social e actividades**

#### **Artigo 5. Do obxecto social e dos obxectivos**

1. O GALP ten como obxecto social colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira, servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona para alcanzar os seguintes obxectivos:

- a) A dinamización local, incluíndo a creación de emprego, a diversificación da economía local e a mellora do benestar social.
- b) Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.
- c) Elaborar e aplicar estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da zona pesqueira local.
- d) Seleccionar operacións no marco dunha EDLP para as medidas contempladas no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (en diante FEMP) no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.
- e) Xerar capacidade nos axentes locais para desenvolver e levar á práctica ás operacións para a implementación da EDLP, e tamén fomentando a súa capacidade para xestionar proxectos.
- f) Reforzar o papel da muller, promovendo medidas que favorezan a integración da igualdade de xénero, e a non discriminación.
- g) Promover o desenvolvemento sostible poñendo en valor o patrimonio ambiental co fin de realizar unha utilización eficiente dos recursos naturais, así como promover a recuperación do patrimonio cultural e medio ambiental mediante a súa explotación sostible.
- h) Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca.
- i) Promover a cooperación interterritorial e transnacional con outras asociacións ou organizacións que leven a cabo estratexias de desenvolvemento local.
- j) Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras conforme ao establecido no Capítulo III do Título V do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

2. Para acadar os devanditos obxectivos, o GALP poderá desenvolver as actividades seguintes:

- a) Accións de sensibilización do tecido socioeconómico das zonas pesqueiras.
- b) Deseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos á problemática do desenvolvemento integral da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material de carácter especializado, didáctico ou meramente divulgativo.
- c) Promover actividades formativas de tódolos colectivos vinculados ao desenvolvemento da zona, en particular, tendo como principais destinatarios ao sector pesqueiro, ás mulleres, mozos e mozas e colectivos desfavorecidos.
- d) Traballar en rede co resto dos Grupos de Acción Local.
- e) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta con entidades análogas.
- f) Realizar as actividades de colaboración na xestión de axudas como entidades colaboradoras.
- g) Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores.

## **CAPITULO IV**

### **Dos asociados**

#### **Artigo 6. Da adquisición da condición de socio**

1. As Asociacións deberán permitir a integración nelas de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades

sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do ámbito territorial correspondente, sen permitir en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

2. A representatividade, a nivel local ou territorial da zona, das asociacións sectoriais respectivas será avaliada pola Xunta Directiva do presente Grupo co fin de evitar a participación de asociacións sectoriais que non sexan representativas no territorio, ben porque non teñan implantación na zona pesqueira ou ben porque as entidades non posúan medios humanos, técnicos nin materiais e en definitiva non desenvolvan unha actividade permanente na zona, ou non estean en activo.

O disposto anteriormente non será aplicable ao sector público.

3. Para adquirir a condición de membros da asociación, deberán dirixirle á Presidencia do GALP unha solicitude, subscrita pola persoa representante legal mediante acordo do órgano competente, na que se manifesta a vontade expresa de adherirse ao GALP e de cumprir tódolos fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orde interna.

No caso de entidades privadas, a solicitude será acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos.
- b) Relación de socios.
- c) NIF.
- d) Memoria de actividades.

4. A persoa que presida o Grupo trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a 4 meses dende a data da solicitude.

5. En caso de non admisión pola Xunta Directiva, o/a solicitante pode recorrer ante a Asemblea Xeral. Neste suposto, o devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

## **Artigo 7. Da perda da condición de socio**

1. A condición de asociado perderase por:

- a) Por decisión voluntaria da persoa asociada, que o deberá solicitar por escrito.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas inherentes á condición de persoa asociada
- c) Por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de socio/a.
- d) Polo impago de cotas que se acorden pola Asemblea Xeral.

2. A expulsión de asociados nos supostos dos apartados b) e d) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo de audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. A baixa por calquera motivo do GALP non exime a persoa asociada de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivese pendentes.

## **Artigo 8. Dos sectores**

1. Para os efectos dos presentes estatutos, o GALP estará constituído por unha mostra das entidades representativas dos seguintes sectores:

- a) **Sector pesqueiro:** Integrado polas asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia.
- b) **Sector social:** Integrado polas asociacións socioculturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas e educativas, as asociacións de mulleres, as relacionadas coa inclusión social e outras similares.

- c) **Sector económico:** integrado polas asociacións de empresarios/as, organizacións sindicais e axentes económicos.
- d) **Sector público:** integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas.

2. Cada asociado pertencente ao GALP necesariamente deberá adherirse a algún destes sectores. En ningún caso poderá formar parte de máis dun sector.

### **Artigo 9. Dos dereitos dos asociados**

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, e exercer o dereito ao voto na Asemblea Xeral.
- b) Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das Comisións ou Comités que poidan crearse.
- c) Aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.
- d) Solicitar información sobre calquera aspecto da marcha do GALP que poida ser de interese para esta.
- e) Os demais que resulten das normas legais aplicables e dos Estatutos do GALP, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

### **Artigo 10. Das obrigas dos socios**

Son obrigas dos socios:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.



- b) Asistir ás Asembleas Xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidas e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes aos devanditos cargos.
- d) Desembolsar as cotas, no seu caso, que acorde o órgano competente do GALP.
- e) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou as comisións ou comités que puidesen crearse.
- f) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

## **CAPITULO V**

### **ÓRGANOS DO GALP**

#### **Artigo 11. Dos principios de funcionamento**

O GALP de ampla base democrática, rexerese polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

#### **Artigo 12. Dos órganos directivos**

1. Os órganos directivos do GALP son:

- a) Asemblea Xeral.
- b) Xunta Directiva.
- c) Presidencia do GALP

d) Vicepresidencia do GALP

2. Son órganos administrativos do GALP:

a) A Secretaría.

b) A Tesourería.

### **Artigo 13. Da Asemblea Xeral**

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do GALP e estará integrada por tódolos asociados que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.

2. Tódolos asociados, a través do seu representante, teñen dereito a voto.

3. Os cargos da Xunta Directiva, incluíndo a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería serán elixidos pola Asemblea Xeral na sesión constitutiva desta por un período de cinco anos, que poderá prorrogarse.

O feito de que o Grupo sexa un instrumento do FEMP, a Presidencia do GALP haberá de recaer nalgún membro da Xunta Directiva do Sector Pesqueiro, Marisqueiro ou Acuícola, elixido polos membros do sector pesqueiro e ratificada pola Asemblea Xeral. A Vicepresidencia do GALP recaerá nalgún membro dos outros sectores da Xunta Directiva, que será elixida polos membros do resto de sectores da Asemblea Xeral e ratificada pola Asemblea Xeral.

4. As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirse unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.

6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GALP.

7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirse a Asemblea Xeral, cando o

solicite, por escrito, un mínimo de persoas asociadas non inferior ao 20% dos votos, dirixido á Xunta Directiva, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria. Recibida esta petición, e dentro dos 15 días naturais seguintes, pola Presidencia procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral.

8. As Asembleas Xerais ordinarias serán convocadas pola Presidencia por escrito e polo procedemento mais adecuado, con expresión detallada da correspondente orde do día, con 15 días de antelación; as extraordinarias deberán ser convocadas con corenta e oito horas de antelación.

9. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, sempre que concorran o 51% dos asociados, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero que en todo caso conte coa presenza do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou persoa que o substitúa.

10. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.

#### **Artigo 14. Das funcións da Asemblea Xeral**

1. Serán funcións da Asemblea Xeral:

- a) Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos anualmente, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo derramas extraordinarias.
- b) Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta.
- c) O nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva.

- d) Acordar a remuneración dos membros da Xunta Directiva.
- e) Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago, así como as cotas extraordinarias.
- f) Ratificar a expulsión dos asociados proposta pola Xunta Directiva.
- g) A disposición, alleamento ou gravame dos bens do GALP.
- h) A solicitude de declaración de utilidade pública da asociación.
- i) Aprobar a constitución dunha federación ou rede, ou a integración nela, si xa existise.
- j) Aprobar a modificación dos Estatutos.
- k) Acordar a disolución do GALP.
- l) Aprobar o regulamento de réxime interno do GALP.

### **Artigo 15. Dos acordos da Asemblea Xeral**

1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple de votos. A Presidencia do GALP ostenta voto de calidade en caso de empate.
2. O nomeamento das persoas que ostenten o cargo de vogais da Xunta Directiva realizarase a través dos sectores establecidos no artigo 8.
3. Os vogais de cada sector só poderán ser elixidos polos representantes da Asemblea do respectivo sector.
4. Requiren o voto do 60% dos membros asistentes á Asemblea Xeral, os acordos referidos nas letras b), f), g), h), i), j), e k) do artigo anterior.
5. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso aos ausentes.

6. As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

7. Posteriormente, o Secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

8. Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

#### **Artigo 16. Da Xunta Directiva**

1. A Xunta Directiva, asume a dirección da entidade e estará integrada por 21 membros: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, e Tesourería, que serán as mesmas que ocupen estes cargos na Asemblea Xeral, e dezasete vogais.

2. As persoas que ostentan o cargo de vogais da Xunta Directiva son nomeadas na Asemblea Xeral a proposta de cada un dos sectores segundo a seguinte representatividade:

- a) Nove representantes do Sector Pesqueiro, Marisqueiro e Acuícola.
- b) Catro representantes do Sector Social.
- c) Catro representantes do Sector Económico.
- d) Catro representantes das Administracións Públicas locais e entidades do Sector Público vinculadas ou dependentes destas.

3. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa

representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.

4. Tódolos membros da Xunta Directiva actuarán con voz e voto.

5. Tódolos cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos e o seu nomeamento farase por un período de cinco anos, podendo ser reelixidos.

6. As persoas integrantes da Xunta Directiva perderán esta condición por:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.

d) Perda da representación na entidade asociada.

As vacante na Xunta Directiva será cuberta pola seguinte persoa en número de votos, que non fora elixida, para o mesmo sector. No caso de non poder cubrirse a vacante por este procedemento, convocaranse eleccións parciais entre os membros da Asemblea para o sector que corresponda. A persoa elixida ocupará o posto polo tempo restante ata que se renoven os órganos de goberno.

No caso da Presidencia, a vacante será cuberta por elección tal e como se indica no punto 3 do artigo 13 dos presentes estatutos, e polo tempo restante ata a renovación dos órganos de goberno.

### **Artigo 17. Das funcións da Xunta Directiva**

1. Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- a) Aprobar a Estratexia de Desenvolvemento Local e as súas modificacións e dar conta á Asemblea Xeral.
- b) Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP.

- c) Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
- d) Promover a administración da Asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
- e) Nomeamento das persoas administradoras e representantes.
- f) Propor á Asemblea admitir, suspender ou dar de baixa a membros do GALP con suxeición ao previsto nos Estatutos.
- g) A expulsión de persoas asociadas.
- h) Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- i) Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- j) Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais.
- k) Presentar anualmente á Asemblea Xeral:
  - a. Informe económico - financeiro anual
  - b. A Conta Xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade durante o exercicio.
  - c. Orzamento anual de gastos e ingresos.
  - d. Informe anual de seguimento e avaliación da EDLP.

- l) Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
  - m) Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes dos asociados, designando comisións de estudo e traballo.
  - n) Planificar os programas e actividades que se desenvolvan pola asociación.
  - o) Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
  - p) A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014.
  - q) A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería do Mar.
  - r) Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de 5 membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GALP. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GALP ou Vogal en quen delegue.
  - s) Asesoramento á Presidencia.
  - t) En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.
2. Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse no equipo técnico e de xestión do propio GAC ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.



## **Artigo 18. Das reunións da Xunta Directiva**

1. A Xunta Directiva reunirase con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e, con carácter extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos que se deban tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún o algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia destes, excepto por causa xustificada.

2. As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias cunha antelación de setenta e dúas horas, e as extraordinarias con vinte e catro horas de antelación, polo procedemento máis adecuado.

3. O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será do 25% das persoas membros con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. En ambos os casos haberá de estar presente a Presidencia ou Vicepresidencia e a Secretaría ou quen a substitúa.

4. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

## **Artigo 19. Da Presidencia**

1. A Presidencia asume a representación legal da entidade a todos os efectos, tanto en xuízo como fóra del, e ostenta o voto de calidade en caso de empate nas votacións.

2. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar as reunións e os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:

- a) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.
- b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando, xunto coa Tesourería, os talóns, recibos e outros documentos análogos.
- c) Autorizar coa súa firma cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da

entidade, así como visar os documentos autorizados pola Secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.

- d) Executar os acordos sociais e asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo la Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Subscribir contratos e convenios a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións administrativas e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas, exercitar accións e opor excepcións.
- g) A xefatura do cadro de persoal da entidade.
- h) Redactar a memoria social anual da entidade.
- i) A comunicación permanente e relación a cantos asuntos sexan de competencia do GALP coas Administracións Públicas.

### 3. A Presidencia cesará por:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia Voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foi elixido.
- d) Perda da representación na entidade asociada.

Nos supostos b), c) e d) será necesario realizar un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día á persoa sucesora, ou esperar a que a Xunta Directiva nomee temporalmente unha substituta. O nomeamento da nova Presidencia rexerese polas mesmas normas que para a primeira elección.

## **Artigo 20. Da Vicepresidencia**

1. O/A Vicepresidente/a substituirá o/a Presidente/a en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e desempeñará as funcións que nel/nela delegue o/a Presidente/a.
2. O/A Vicepresidente/a cesa polos mesmos motivos que o/a Presidente/a. Así mesmo élle aplicable todo o previsto no apartado 3 do artigo anterior en canto sexa compatible.

## **Artigo 21. Da Secretaría**

1. Á Secretaría correspóndelle o exercicio das funcións propias do seu cargo así como:
  - a) Actuar como tal en tódalas reunións. Na Xunta Directiva e Asemblea Xeral actuará con voz e voto.
  - b) Custodiar os libros e documentos, excepto os de contabilidade, selos e o ficheiro da entidade.
  - c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade.
  - d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e expedir certificacións destes co visto e praxe da Presidencia.
  - e) Levar a correspondencia ordinaria.
  - f) Levar o Inventario de bens nun libro establecido para o efecto.
  - g) Levar o Libro de Asociados.
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a Presidente/a designará de entre os vogais a un suplente para que desenvolva esta función. No caso de vacante, o suplente desenvolverá a función mentres non se cubra definitivamente o posto.

## **Artigo 22. Da Tesourería**

Á Tesourería corresponderalle:

- a) Actuar como tal en tódalas reunións. Na Xunta Directiva e Asemblea Xeral actuará con voz e voto.
- b) Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do modo que determine a Xunta Directiva.
- c) Efectuar os pagos ordenados pola Presidencia.
- d) Velar pola boa orde económica da entidade, así como polo máis axeitado investimento orzamentario, de acordo cos obxectivos e fins da Asociación.
- e) Dirixir e ordenar a contabilidade.
- f) Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.

## **Artigo 23. Dos/as vogais da Xunta Directiva**

1. As persoas que ostenten o cargo de vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daquelas outras que procedan e que concretamente a cada un deles lles sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

2. Os/as vogais cesarán por:

- a) Falecemento
- b) Renuncia Voluntaria
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos

Nos supostos b) y c) será necesario realizar un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día á persoa sucesora, ou esperar a que a Xunta

Directiva nomee temporalmente unha substituta.

## **CAPITULO VI**

### **Réxime económico**

#### **Artigo 24. Do patrimonio inicial**

O GALP carece de patrimonio inicial e fixará o seu orzamento anualmente. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

#### **Artigo 25. Das contas anuais**

Anualmente con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición dos asociados, como mínimo, 15 días antes da celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

#### **Artigo 26. Do orzamento**

Anualmente e no primeiro trimestre de cada ano, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano.

#### **Artigo 27. Da dispoñibilidade de fondos**

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde o GALP os teña depositados, terán recoñecidas as firmas na entidade bancaria correspondente a Presidencia e a Tesourería, para a utilización conxunta delas.

#### **Artigo 28. Do destino dos recursos**

O GALP, como entidade sen ánimo de lucro, destinará os beneficios que obteña por

calquera concepto, exclusivamente ao cumprimento dos fins que lle son propios.

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuír os beneficios que se obteñan entre os asociados ou os seus representantes nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

### **Artigo 29. Dos recursos económicos**

A Asociación nutrirase dos seguintes recursos económicos:

- a) Dos fondos asignados para a elaboración dunha EDLP conforme ao FEMP.
- b) Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse.
- c) Das doazóns e legados a favor do GALP.
- d) Das subvencións que lle poidan ser concedidas por calquera institución pública ou privada, local, provincial, autonómica, nacional ou estranxeira.
- e) Calquera outro ingreso permitido pola lexislación vixente.

### **Artigo 30. Das cotas e contribucións dos asociados**

1. A contía das cotas e contribucións das persoas asociadas será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral, que determinará así mesmo o modo en que se farán efectivas.

## **CAPITULO VII**

### **Disolución do GALP**

### **Artigo 31. Da disolución do GALP**

O GALP establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, nos

supostos seguintes:

- a) Por vontade dos asociados, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada para o efecto, e co quórum que determina o artigo 15.2.
- b) Por ser imposible a consecución dos fins para os que foi constituído.
- c) Por incumprimento reiterado dos fins para os que foi creado.
- d) Por sentenza xudicial firme.
- e) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- f) Polas restantes causas previstas na lexislación vixente.

### **Artigo 32. Da liquidación do GALP**

1. No caso da disolución a Asemblea Xeral elixirá entre as persoas que a integran a tres delas para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, e a de maior idade ostentará a súa Presidencia.
2. A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente, satisfará as obrigacións pendentes e cobrará os créditos pendente se existisen.
3. O remanente, en caso de existir, será entregado a outra asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída que se dedique a fins idénticos ou, na súa falta, análogos aos deste GALP.
4. A Comisión, así mesmo, solicitará a cancelación dos asentos no Rexistro de Asociacións.
5. En caso de insolvencia, a Comisión haberá de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.

En Celeiro-Viveiro (Lugo), a 7 de xaneiro de 2016